



O atallo



1.^a edición, 1.^a impresión, 2024

© Edicions del Periscopi & Miquel Martín i Serra, 2020

Esta edición negociada con SalmaiaLit, Axencia Literaria

© Aira, 2024

Follas Voadoras, SL

Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo

32660 Allariz

contacto@airaeditorial.gal

Entra en airaeditorial.gal e coñece todas as vantaxes de
subscribirte ao CLUB AIRA

© Polo epílogo: Josep M.^a Fonalleras

© Pola tradución do catalán: Isaac Xubín

Deseño e ilustración da tapa: Miguel Robledo

Esta obra recibiu unha subvención da
Consellaría de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades



XUNTA
DE GALICIA

A tradución desta obra contou coa axuda do
Institut Ramon Llull

LLLL
institut
ramon llull

Impresión: La Imprenta CG

ISBN: 978-84-127695-7-9

DL: OU 32-2024

Reservados todos os dereitos. Esta obra está protexida pola lei.

O ATALLO

MIQUEL MARTÍN I SERRA

TRADUCCIÓN:
ISAAC XUBÍN

EPÍLOGO DE
JOSEP M.^a FONALLERAS



Aira



*Aos meus pais e ao meu irmán,
que me ensinaron tantos atallos.*



No hi ha lleure infinit sinó a la platja:
mar al davant, us lleva tot esment,
i és el seguir una vela bo i jaient
la cosa més remota d'un viatge.

L'onada acanalada, tendrament
es desfà al vostre peu, com en servatge;
us volta la llum viva del celatge
i passen núvols i batecs de vent.

I, alliberats del dubte i l'aventura,
tota poquesa i tot enyor cessat,
rebeu un pur secret de la natura

en els ulls i en el cor, de bat a bat,
l'indefinit somriure del que dura:
els canvis tot voltant la identitat.

Josep Carner, «Ajagut a la platja»¹

¹ «Deitado na praia»: Non hai lecer infinito senón na praia: / perante o mar que te libra de coidados, / onde seguir coa vista unha vela, deitado, / é a cousa máis afastada á travesía. / A onda acanalada desfaiase aos pés, / tenra e amorosa, en cortesía; / envólvente a luz do ceo e da ardentía, / e pasan nubes e latexos de vento. / E, cesada toda miseria e ansiedade, / libre de incerteza e aventura, / recibe un puro segredo da natura / nos ollos e no cor, de par a par, / o sorriso indefinido do que dura: / os cambios en torno á identidade.

1

Era venres e eu quedara con Llenas para ir á vila e mercar balotes, pero xusto no intre en que subía á bicicleta a miña nai chamoume e mandoume á horta, que fose apañar unhas cebolas e unhas patacas. Non me gustaba nada ir á horta porque o meu pai obrigábase a min a arrincar as cebolas e lanzar as patacas podres, que cheiraban a raios, e ademais, se me demoraba demasiado, dicíame: alixeira que se che fai de noite. Cando xa volvía e pensaba que podería marchar á casa de Llenas, a miña nai mandoume á masía Bou na procura de leite e un pouco de requexo, e Pitu, en canto me viu chegar co fociño revirado e a leiteira na man, díxome o de sempre: vaites, xa están aquí os de Fanga? E botouse a rir con aqueles dentes ben tortos. Pero Pitu caíame ben, divertíame, sempre me axudaba, e un día en que, para desapoleirar unha pelota rompín un vidro cunha pedra, arranxouno todo para que non me descubrisen. Ao volver da masía Bou a miña nai aínda me dixo que fose á tenda mercar manteiga e confitura de framboesa porque na despensa non quedaba ningún bote e era a preferida da señora, sempre se puña de mala pipa se non había. Eu puxen cara de ferrollo e empecei a rosmar porque xa vía que Llenas estrearía a escopeta de balotes a soas, ou quizais iría a probala con Escudero ou calquera outro. Total, que a miña nai se anoxou de verdade e, case berrando, díxome: vai daquela coa bicicleta a mercar, non che dá tanta preguiza cando vas á vila para mercar cómics.

Ao final a miña nai castigoume sen ir á casa de Llenas e aínda tiven sorte de que non lle dixo nada ao meu pai. Obrigoume a quedar con ela na cociña até que os señores

chegaron ao chalé. Era unha cociña tan grande que pasabamos máis tempo alí ca no resto da casa, o meu pai sempre dicía que era coma o estómago do chalé, agradecida e quente. Eu estaba a piques de acabar o meu cómic cando escoitei o murmurio das rodas tripando a grava do paseo e non puideren reprimir mirar pola xanela. Non axexes, rifoume a miña nai, que aínda estaba resentida comigo, pero eu aínda botei unha boa mirada máis, de esguello, facendo como que estaba a mirar unha historieta. Aparcaron os coches ao abrigo das moreiras e saíron dando portazos. Sempre baixaban rindo, un pouco alterados e ben vestidos coma se fosen a unha festa. Gustábame fixarme nas roupas que levaban porque sabía que algún día un daqueles xerseis ou abrigos serían meus e a miña nai faría algún remendo ou poría unhas cobadeiras e, claro, arrincaría o nome que eles puxeran ao carón do escudo. O señor conducía o coche negro e viña coa señora, malia que moitas veces ela viña soa, co cabriolé. E Paco, o chofer, levaba o outro, o gris, aquel tan grande onde ían os fillos e a *nurse*, que así lle chamaban. Paco ergueu a cabeza e viume na xanela, sorriu e fíxome o signo da vitoria cos dedos, porque era do Madrid e sempre estabamos de chanza cando gañaba o equipo do outro. Daquela, aínda sorrindo, colleu as maletas, e os xemelgos botaron a correr escaleiras arriba, dereitos cara á cociña, coa *nurse* pisándolles os calcañares e berrándolles que se comportasen como Deus manda.

Sentín o rumor de pasos e voces no recibidor, eles chamábanlle *hall*, e despois no corredor, e pareceume que me chegaban os latexos dos seus corazóns, pum-pum, pum-pum. Os xemelgos entraron facendo barullo, xuntos; parecía que non sabían facer nada un sen o outro, e inmediatamente detrás deles, atordada, coma se os quixese apreixar, a *nurse*, e aínda máis atrás Lolo, o irmán máis vello. Os tres irmáns recendían ao mesmo olor de roupa limpa e acabada de pasar,

de colonia cara e daquela crema que anunciaban na televisión. Déronlle un bico á nai e preguntáronlle que había de cear. Houbese o que houber eles sempre dicían *qué rico e vaya delicia*. Cando me atopaban na cociña, lendo nun recuncho, sentado nun tallo, dicían *Hola, ¿qué tal?* e *Hasta luego*, e ás veces destapaban as potas que estaban ao lume ou pescudaban dentro dos armarios e na despensa e petiscaban algunha cousa. Ás veces, Lolo demoraba máis e dábame conversa e quizais me preguntaba que era o que estaba a ler, pero notábase que o facía para quedar ben, sobre todo coa nai, notábase que non lle interesaba en absoluto o que eu lle puidese dicir.

Daquela marchaban aos seus cuartos, cada un deles dunha cor diferente, coas paredes coma de veludo, e gustábame pasar a man, moi aos poucos, porque era suave coma as patas dos años da masía Bou e facía cóxegas nos dedos. O meu pai explicoume un día que aquel papel de parede custaba un ril e que o colocara unha empresa estranxeira porque seica aquí non o fabricaban. Nun recuncho tiñan unha cheminea, pequena pero preciosa, toda de pedra, que o meu pai acendía unhas horas antes, os días de moita friaxe, e ao outro lado unha cama grande que a miña nai abría cada noite cando subía para deixar un vaso de auga e un pano sobre a mesa de noite. A *nurse*, en troques, a quen lle chamaban Miss Jenkins, durmía na ala do servizo e o seu cuarto era exíguo e daba a un patio interior, sen cheminea nin nada semellante, só unha estufa eléctrica.

O señor sempre falaba co meu pai en canto chegaba e a min dicíame que dera un estirón, e iso púñame contento e facíame sentir maior, pero a súa presenza impresionábame moito e nunca sabía seguir a conversa. Ás veces o meu pai ensináballe a horta e o xardín, orgulloso, e o señor, coma se tivese présa, ía dicindo: moi ben, Mateu, moi ben, se precisa calquera cousa chame ao despacho e enténdase con Noguera.

Eu nunca o vira, a Noguera, pero o meu pai sempre dicía que era a man dereita do señor e que, cando había algún problema ou necesitaban algo, cumpría falar axiña con el. Lembro que nunha ocasión estragouse a lavadora e o meu pai chamou ao despacho para pedirlle un adianto, pero non sei se o conseguiu porque botou moitos días rosmando e con cara de mala uva. A señora non me falaba moito, os meus pais sempre contaban que era máis seca, pero ás veces traíame bariñas de chocolate do estranxeiro que eran coma miniaturas de baldosas e habíaas de moitos sabores. A miña nai e mais ela atopábanse na cociña e facían unha listaxe de todo o que había que mercar, pero en moitas ocasións a señora queixábase de que lle doía a cabeza ou que estaba moi cansa e acababa dicindo: vostede mesma, Antònia, vostede mesma, faga, faga. Eu non podía entender por que estaba tan cansa, porque só a vía ler, tomar o sol e saír de paseo coas amigas. Daquela víñame á mente aquilo que sempre dicía o meu pai, os ricos págannos para que sirvamos, non para que os entendamos.